

LGL 1º ESO

Reforzo Unidade 1

Sinala se o código empregado en cada caso é verbal ou non verbal.

- Felicitas a túa avoa por teléfono.
- Na praia hai unha bandeira vermella.
- Unha nena saúda coa man desde a ventá.
- Recibes un correo electrónico.

Tendo en conta o significado das seguintes palabras, completa estes enunciados co termo axeitado.

saúde - saudable - sanidade - sandar

- Facer deporte é moi _____.
- Non hai maior alegría que ter boa _____.
- Teño que _____ para ir de viaxe.
- A súa tía traballa na _____.

Arrodea con diferentes trazos a grafía *r* e o dígrafo *rr* en cada palabra segundo o son que representen.

— R forte

= R suave

- catarreira
- enfermeira
- rabuñar
- rascar
- almorzar
- xarope
- arrefriado
- honrado
- enredar
- merendar

Completa con *g*, *gu* ou *gü*, segundo corresponda.

- un__ento
- abri__oso
- lin__eta
- acu__lar
- a__deza
- __abardina
- __acela
- a__iacho
- abne__ación
- ambi__idade
- a__oirento
- acel__a
- a__errido
- __apura
- a__acate
- __obernador

Relaciona cada palabra co seu significado.

Algunha pode ter máis dun sentido.

móbil

- do modo correcto

ben

- achégase

vén

- mofo

balor

- valentía, afouteza

valor

- que se move

- que se pode mover

Completa estas palabras con *r* ou *rr* e con *g* ou *gu*, segundo corresponda.

• __edondo

• __me

• ca__eira

• pa__án

• __odaballo

• desen__edar

• to__a

• a__edado

• __atiño

• se__ido

• man__a

• hon__ado

Completa estas palabras con *gu* ou con *g*, segundo corresponda.

- san__e
- __usto
- man__eira
- acou__o
- se__inte
- a__antar
- __indastre
- re__ar
- __iador